



**XUNTA DE FACULTADE**

**BORRADOR ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2021**

<p><b>Asisten:</b></p> <p><i>Equipo decanal:</i>                  Prof. Francisco José Torres Pérez (Presidente)                  Prof. María Antonia Arias Martínez (Secretaria)                  Prof. María Belén Fernández Docampo                  Prof. José Carlos Orge Míguez                  Prof. Xosé Manuel Pacho Blanco</p> <p><i>PDI-A:</i>                  Prof. Jaime Aneiros Pereira                  Prof. María Cruz Barreiro Carril                  Prof. Gloria Caballero Fernández                  Prof. María Isabel Cal Bouzada                  Prof. Carmen Domínguez Rubira                  Prof. Rafael Fernández Acevedo                  Prof. Margarita Fuenteseca Degeneffe                  Prof. Noemí García Gestoso                  Prof. Pablo Grande Seara                  Prof. Rosa María Loveira Pazó                  Prof. Ángel Manuel Mariño de Andrés                  Prof. María Teresa Martínez Táboas                  Prof. Luis Miguel Muleiro Parada                  Prof. Lydia Noriega Rodríguez                  Prof. José Ramón Rodríguez Lago                  Prof. Emma Rodríguez Rodríguez</p> <p><i>PDI-B:</i>                  Prof. Ángel Aday Jiménez Alemán                  Prof. Alexandre Pazos Pérez                  Prof. Pablo Riquelme Vázquez                  Prof. Rosa Rodríguez Martín-Retortillo                  Prof. Rafael Andrés Velázquez Pérez</p> <p><i>Estudiantes-1º/2º ciclo:</i>                  D<sup>a</sup>. Paloma Acosta Virzi                  D. Cristian Feijoo Iglesias                  D. Rafael Alejandro Ferreira Pardiñas                  D. José Alberto García Gallardo                  D<sup>a</sup>. Xeila Lago López</p>	<p>Acta da Comisión ordinaria da Xunta de Facultade do día 25 de febreiro de 2021, convocada por orde do Presidente da mesma, Francisco José Torres Pérez, ás 12:00h en primeira convocatoria, e ás 12:30h en segunda convocatoria, celebrada telematicamente na Aula Virtual “Salón de Graos” da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, co seguinte punto na orde do día:</p> <p><b>1. ORDEN DO DÍA</b></p> <p>1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada o 21 de decembro de 2020.</p> <p>2. Informe do Sr. Decano.</p> <p>3. Aprobación, se procede, da memoria económica e da liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2020.</p> <p>4.- Aprobación, se procede, do orzamento da Facultade correspondente ao exercicio 2021.</p> <p>5.- Aprobación, se procede da PDA para o Grao en Dereito (curso 2021-2022).</p> <p>6.- Aprobación, se procede, da PDA para o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (curso 2021-2022).</p> <p>7.- Aprobación, se procede, da PDA para o PCEO ADE-Dereito (curso 2021-2022).</p> <p>8.- Aprobación, se procede, das materias optativas, que se impartirán no Grao en Dereito (curso 2021-2022).</p> <p>9.- Aprobación, se procede, das materias optativas, que se impartirán no Grao en Relacións Laborais e Recursos humanos (curso 2021-2022).</p> <p>10.- Aprobación, se procede, dos límites de prazas de acceso por recoñecemento de 30 créditos ECTS (traslados desde universidades españolas e estranxeiras) e para cambio de centro no Grao en Dereito, Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e no PCEO ADE-Dereito (curso 2021-2022).</p> <p>11.- Aprobación, se procede, do profesorado responsable do PAT (curso 2021-2022).</p>
---	---



<p>D<sup>a</sup>. Karolina Laurencja Plaga D<sup>a</sup>. Sandra María Martínez Gómez</p> <p><i>Estudantes-3<sup>o</sup> ciclo:</i> D. Lucas Castro González D<sup>a</sup>. Mónica García Freiría</p> <p><i>PAS:</i> D. Manuel Ángel Valcárcel Martínez</p> <p><b>Desculpan asistencia:</b> Prof. María José Bravo Bosch Prof. Noemí García Gestoso Prof. Marta García Mosquera Prof. Regina Ibáñez Paz Prof. Teresa Martínez Táboas Prof. Esther Pillado González</p>	<p>12.- Aprobación, se procede, da distribución da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso 2021-2022.</p> <p>13.- Aprobación, se procede, do nomeamento da persoa coordinadora do Máster en Xestión e Dirección Laboral.</p> <p>14.- Aprobación, se procede, da modificación da data dos exames do PCEO ADE-Dereito previstas para o 17 de maio de 2021.</p> <p>15.- Aprobación, se procede, da modificación dos horarios do primeiro curso do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.</p> <p>16.- Aprobación, se procede, da proposta académica do Curso de Especialista en Dereito do Traballo e da Seguridade Social.</p> <p>17.- Rolda aberta de intervencións.</p>
--	---

Ás 12:30h do día 25 de febreiro de 2021 comeza a reunión da Xunta de Facultade, coa asistencia dos membros enriba enumerados.

**1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada o 21 de decembro de 2020.**

Apróbase por asentimento.

**2. Informe do Sr. Decano.**

- Realización dos exames do primeiro cuadrimestre sen incidencias.
- A partir do 1 de marzo comezará o segundo cuadrimestre de forma presencial.
- A Reitoría informou que se fará entrega de mascarillas ao alumnado.
- Aprobouse o Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo no Consello de Goberno celebrado o 1 de febreiro de 2021.
- Reunión da Conferencia de decanos na que se acordou a creación dun grupo de traballo para a elaboración dunha ferramenta técnica de ranking das revistas do ámbito xurídico a través de Dialnet. No grupo de traballo participará o profesor A. Aday Jiménez Alemán por designación do Decano.
- Nomeamento como Coordinadora de Igualdade da profesora Marta García Mosquera. Agradece o labor desenvolvido ata o de agora pola profesora Esther Pillado González como enlace de igualdade.
- Nomeamento como Coordinador de Normalización lingüística do profesor Xosé Manuel Pacho Blanco.
- Nomeamento como Coordinador de TFG do profesor Pablo Riquelme Vázquez trala dimisión do profesor Pablo I. Fernández Carballo-Calero a quen o Decano agradece o labor desenvolvido.
- En canto as obras que se están a desenvolver na Facultade, o Decano está á espera da celebración dunha reunión co Vicerreitor de Planificación co fin de que clarifique a intervención



da devandita vicerreitoría en relación con certas obras solicitadas por un importe superior a 9000€.

- Na Aula de videoconferencia estase a rematar a instalación duns medios técnicos máis axeitados e máis modernos.
- Está aberta a convocatoria de solicitude de axudas para a adquisición de bibliografía, a impartición de conferencias e a organización de seminarios polas diferentes áreas xurídicas do Centro.
- A revista Economist & Jurist ofrécenos una subscripción gratuíta para que se probe o acceso on line así como a base de datos. Valorarase unha subscripción íntegra para o vindeiro ano.
- A editorial Lefebvre oferta unha ferramenta para a preparación da proba de acceso á avogacía. Debido ao alto custe estase valorando a súa adquisición.
- Este ano terá lugar unha auditoría do Sistema Interno de Garantía de Calidade co fin de proceder a súa re-certificación. Irase informando do procedemento e trámites que haberá que realizar baixo a dirección da Vicedecana de Calidade, a profesora Regina Ibáñez Paz.

Ao rematar os informes, solicita a palabra o profesor Jaime Aneiros Pereiro quen pregunta a que efectos se vai realizar o ranking de revistas e, así mesmo, se as áreas poderán facer unha valoración obxectiva das revistas propias da mesma. O Decano sinala que, efectivamente, se trata dun ranking específico de revistas xurídicas promovido pola Conferencia de Decanos e avalado por Dialnet. O profesor A. Aday Jiménez Alemán apunta que ao longo do mes de abril conta recibir un cuestionario relativo a este procedemento que se porá ao dispor do profesorado para que poida participar e que se irá informando puntualmente de todo o proceso.

### **3. Aprobación, se procede, da memoria económica e da liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2020.**

O Decano remite aos membros da Xunta a información que se enviou coa convocatoria da presente reunión e sinala que durante o curso pasado houbo bastantes traspasos entre partidas para levar a cabo as obras e novas instalacións por mor da pandemia. Con cargo á partida de protocolo, practicamente non houbo gastos e o seu importe utilizouse para a instalación de videocámaras nas aulas, mellora do sistema de conexión nos seminarios e renovación dalgún ordenador. Sinala o Decano que pode chamar a atención o gasto en fotocopias pero hai que ter en conta que ese importe inclúe tamén o aluguer das máquinas de reprografía que ten o Centro. O profesor Jaime Aneiros Pereira sinala que a asignación orzamentaria da Universidade ao Centro está decrecendo de forma continua nos últimos anos o que require facer intentos para executar ao máximo orzamento. A Facultade sigue precisando melloras en infraestruturas (acceso, visibilidade, pintado de corredores) e, na actual situación de semipresencialidade, faise especialmente necesario o incremento de partidas para compra de manuais e materiais de apoio a docencia, en particular, para materias como as optativas que pola súa especialidade carecen de manuais de consulta suficientes.

O Decano manifesta que a asignación que fai o Centro ás diferentes áreas para adquisición de bibliografía tamén pode ser utilizada para mercar manuais. Polo que se refire á execución do orzamento, sinala que, efectivamente, diminuíu nos últimos anos en practicamente todos os Centros e Departamentos da Universidade e que neste Centro sempre se executa na súa totalidade.

Toma a palabra a profesora Ana M<sup>ª</sup> Pita Grandal quen manifesta:

- que dende o 2016 a reitoría non está a ingresar a partida correspondente ao aforro de combustible derivada dun compromiso daquela co Centro e suxire que debe ser reclamada.



- o seu desacordo coa información relativa á baixada xeralizada de orzamento en todos os centros.
- que non debe ser o Cento o que cubra os gastos das obras realizadas cando estas se deriven de defectos de construción do edificio (as entradas de agua, por exemplo).
- que bota en falta unha convocatoria por parte do Decanato para levar a cabo a renovación dos equipos informáticos do profesorado da Facultade.
- que solicita unha aclaración sobre o pagamento dunha defensa de TFM con cargo á partida 22606 xa que esa actividade non se trata dunha conferencia. O Decano sinala que en canto poida acceder á plataforma comprobará a que se debe o antedito pagamento. Finalmente a profesora Pita solicita ao Decano que se retome o nivel de exigencia que tiña o Centro en cuanto á dotación orzamentaria.

Tras esta intervención, o Decano manifesta, en primeiro lugar, que todas estas suxestións serán tidas en conta. En segundo termo, apunta que hai determinados gastos que son directamente inasumibles polo Centro, polo que trasladará á Vicerreitoría de Planificación a consulta sobre a posibilidade de que merque centralizadamente o material informático (ordenadores, etc.). En terceiro lugar, reitera que as grandes obras (de máis de 9000 euros) que afectan á infraestrutura do Centro son financiadas pola Vicerreitoría de Planificación. Outras obras, como a limpeza exterior da fachada ou reestruturación das dependencias da reprografía para destinalas a sala COVID, foron pagadas con cargo ao orzamento do Centro. En cuarto lugar, o Decano manifesta que non coñece os orzamentos de todos os centros da Universidade pero reitera que nos últimos anos se está a producir unha redución dos mesmos. Xa se solicitou o pasado ano unha explicación sobre o particular á Vicerreitoría correspondente. Finalmente, en canto á partida polo aforro enerxético, esta foi reclamada no seu día e neste momento é un tema pechado. Na actualidade non hai compensación por gastos enerxéticos en ningún Centro.

En todo caso, todas as suxestións que se fagan na Xunta de Facultade trasladaranse tanto ao administrador do Centro coma á Vicerreitoría de Planificación. O Decano remata agradecendo todas apreciacións realizadas respecto a este punto.

Apróbase por asentimento a memoria económica e a da liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2020.

#### **4.- Aprobación, se procede, do orzamento da Facultade correspondente ao exercicio 2021.**

A prof. Ana M<sup>a</sup>. Pita Grandal solicita que conste expresamente que o Decano asume o compromiso de reclamar a reitoría as cantidades que dende 2016 non está a ingresar da partida correspondente ao aforro de combustible .

O Decano manifesta que se informará sobre esta cuestión particular.

Apróbase por asentimento o orzamento da Facultade corresponde ao exercicio 2021.

#### **5.- Aprobación, se procede da PDA para o Grao en Dereito (curso 2021-2022).**

Toma a palabra o Vicedecano e coordinador do Grao en Dereito, o Prof. Xosé Manuel Pacho Blanco, quen manifesta que se conserva substancialmente o número de horas atribuídas ao Centro nas mesmas porcentaxes de reparto que no curso 2020-2021, o que supón 4.627 horas para o Grao en Dereito. Tamén sinala que se mantén o mesmo número de horas e de créditos matriculados por parte do alumnado.

Manifesta que no futuro hai que ter en conta dúas cuestións. Primeiro, a problemática relativa á docencia en inglés, que está pendente de revisión e, segundo, o tamaño medio de grupo que na actualidade se está tomando como referencia en toda a normativa de Universidade.



Pide a palabra o prof. Luis Muleiro Parada e pregunta se desde o Decanato se está a realizar algún trámite en relación co Plan de internacionalización. O Decano responde que este ano o devandito Plan aínda está pendente de prórroga pero o preocupante é que hai grupos asignados ao Plan de internacionalización que teñen moi pouca matrícula. Manifesta o Decano que o Plan de internacionalización sigue sendo un obxectivo do Centro pero é consciente de que nas vindeiras PDA pode haber unha instrución por parte da Vicerreitoría competente para que os grupos que teñan menos dunha determinada matrícula se anulen. Toma a palabra a prof. Ana María Pita Grandal e manifesta que non entende con que criterio se pode reducir o número de horas da PDA do Centro e considera que esa posible eliminación de docencia en inglés conculca os dereitos do profesorado que fixo o esforzo de acreditarse para impartir a docencia en inglés respondendo a un chamamento do Centro.

O Decano manifesta o seu acordo coa devandita profesora e que, recabar información, ten constancia de que se está a debater o futuro do Plan de internacionalización e, nese caso, o Centro manifestará a súa postura.

Apróbase a PDA para o Grao en Dereito (curso 2021-2022) por asentimento.

#### **6.- Aprobación, se procede, da PDA para o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (curso 2021-2022).**

Toma a palabra a Vicedecana e coordinadora do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, a prof. Belén Fernández Docampo quen pon de manifesto que se manteñen o mesmo número de grupos teóricos e prácticos e o curso ponte coa mesma estrutura ( 2 grupos teóricos e 5 prácticos) que no curso 2020-2021. Apunta que o Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos ten unha problemática particular porque, a diferenza do Grao en Dereito, hai unha taxa relativamente alta de abandono que da lugar a unha baixada importante de alumnado no segundo curso respecto ao primeiro, polo que o Tamaño Medio de Grupo (TMG) dese curso rompe a media. Tamén hai varias optativas que teñen unha matrícula moi baixa e o mesmo sucede coas materias en inglés. Informa que hai anos a reitoría prorrogou o Plan de internacionalización pero non modificou os contidos ou a regulación.

A prof. Ana M<sup>a</sup> Pital Grandal pregunta se as horas do curso ponte computan na PDA do Centro e tamén quere saber porque está limitado a 72 o número de alumnos de entrada en primeiro curso do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, en lugar de 80 como está previsto na Memoria da titulación. A Vicedecana responde que, efectivamente, as horas do curso ponte computan na PDA do Centro e recorda que as horas están asignadas ao Centro e non ás titulacións. Esas horas distribúense como se considere mais axeitado e tendo en conta o TMG. O Decano manifesta que a cuestión relativa ao número de prazas ofertadas tratarase posteriormente.

Apróbase por asentimento a PDA para o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (curso 2021-2022).

#### **7.- Aprobación, se procede, da PDA para o PCEO ADE-Dereito (curso 2021-2022).**

Toma a palabra o Vicedecano e coordinador do Dobre Grao ADE-Dereito, o prof. José Carlos Orge Míguez, quen informa que a PDA do dobre grao mantense como no curso 2020-21 coa diferenza positiva de que tamén haberá dous grupos prácticos no cuarto curso. Deste xeito, en todos os cursos haberá un grupo teórico e dous grupos prácticos.

Apróbase por asentimento a PDA para o PCEO ADE-Dereito (curso 2021-2022).

Antes de pasar ao seguinte punto da orde o día o Decano sinala que onte confirmaron desde a reitoría que as PDA dos másteres deben ser aprobadas pola Xunta de Centro ademais de polas



respectivas CAM. Informa que, se non hai inconveniente, se presentarán as devanditas propostas nunha reunión da Comisión Permanente da Xunta de Facultade, que se convocará para a vindeira semana.

**8.- Aprobación, se procede, das materias optativas, que se impartirán no Grao en Dereito (curso 2021-2022).**

Apróbase por asentimento.

**9.- Aprobación, se procede, das materias optativas, que se impartirán no Grao en Relacións Laborais e Recursos humanos (curso 2021-2022).**

Apróbase por asentimento.

**10.- Aprobación, se procede, dos límites de prazas de acceso por recoñecemento de 30 créditos ECTS (traslados desde universidades españolas e estranxeiras) e para cambio de centro no Grao en Dereito, Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e no PCEO ADE-Dereito (curso 2021-2022).**

Apróbase por asentimento a proposta achegada coa convocatoria pero incrementando, á instancia da prof. Ana M<sup>a</sup>. Pita Grandal, a 80 as prazas ofertadas para o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.

**11.- Aprobación, se procede, do profesorado responsable do PAT (curso 2021-2022).**

O Decano sinala que son responsables do PAT para o curso 2020-2021:

- Prof. Tamara Álvarez Robles (Dobre Grao ADE-Dereito)
- Prof. Pablo I. Fernández Carballo-Calero (Grao en Dereito)
- Prof. José Ramón Rodríguez Lago (Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e curso ponte)

Apróbase por asentimento.

**12.- Aprobación, se procede, da distribución da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso 2021-2022.**

Apróbase por asentimento.

**13.- Aprobación, se procede, do nomeamento da persoa coordinadora do Máster en Xestión e Dirección Laboral.**

O Decano propón o nomeamento do prof. Alexandre Pazos Pérez en substitución da prof. Nora Martínez Yáñez a quen felicita polo seu nomeamento como Conselleira do Consello Consultivo de Galicia.

Toma a palabra o prof. Pazos e manifesta que na CAM celebrada o 3 de febreiro se aprobou o seu nomeamento como coordinador do Máster en Xestión e Dirección Laboral e manifesta o seu compromiso, se a Xunta aproba o seu nomeamento, a exercer o cargo con responsabilidade e traballo.

Apróbase por asentimento o nomeamento do prof. Alexandre Pazos Pérez como coordinador do Máster en Xestión e Dirección Laboral.

**14.- Aprobación, se procede, da modificación da data dos exames do PCEO ADE-Dereito previstas para o 17 de maio de 2021.**

O Vicedecano e coordinador do PCEO ADE-Dereito, o prof. José Carlos Orge Míguez, pide desculpas polo erro de fixar exames para o Día das letras galegas, o luns 17 de maio, festivo autonómico, e propón adialos para o martes 18 de maio.

Apróbanse por asentimento.

**15.- Aprobación, se procede, da modificación dos horarios do primeiro curso do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.**



Toma a palabra a Vicedecana e coordinadora do Grado en Relacións Laborais e Recursos Humanos, a prof. Belén Fernández Docampo quen expón a necesidade de levar a cabo a reorganización dalgúns grupos prácticos do primeiro curso e agradece expresamente ás profesoras Gloria Caballero Fernández e Carmén Domínguez Rubira a súa dispoñibilidade para modificar o seu horario.

Apróbanse por asentimento as modificacións propostas.

**16.- Aprobación, se procede, da proposta académica do Curso de Especialista en Dereito do Traballo e da Seguridade Social.**

Toma a palabra o prof. Alexandre Pazos Pérez e manifesta que se trata dun curso de ámbito internacional, dirixido polo prof. Jaime Cabeza Pereiro, coa participación de diferentes docentes de países de latinoamérica e doutras universidades españolas ademais da Universidade de Vigo. O curso consta de 210 horas de docencia (21 créditos) que se impartirán de forma virtual dende o 2 de xullo de 2021 ao 22 de febreiro de 2022. Ponse ao dispor dos membros da Xunta para esclarecer as cuestións que desexen plantexar.

O prof. Jaime Aneiros Pereira pregunta se o curso vai dirixido só a estudantes estranxeiros ou se tamén a alumnos nacionais ou comunitarios. O prof. Pazos aclara que o Curso está aberto ao alumnado internacional e tamén ao alumnado da Universidade de Vigo ou de calquera outra Universidade española.

Apróbase por 31 votos a favor e unha abstención

**17.- Rolda aberta de intervencións.**

O Decano traslada aos membros de Xunta, á solicitude da prof. Teresa Estévez Abeleira, que a docencia do Máster en Menores estase a impartir on-line pero é preciso que os horarios se cumpran axeitadamente.

Sendo as 14: 19h, levántase a sesión.

Secretaria  
María Antonia Arias Martínez

*V. e Pr. do Presidente*  
Francisco José Pérez Torres